

Compañeiras e compañeiros:

Traémovos o saúdo solidario das organizacións sindicais OSTA, de Aragón, IAC e Intersindical, de Catalunya, Confederación Intersindical Galega (CIG), de Galiza, ELA e LAB do País Vasco, Intersindical Valenciana, do País Valenciano, e Confederación Intersindical, do Estado Español.

Coñecemos os efectos dun réxime político centralista e autoritario que nega o recoñecemento da diversidade cultural e política existente no Estado Español. Esa experiencia levounos a seguir con atención e simpatía as loitas do movemento obreiro en Turquía e, en especial, a mobilización do pobo kurdo por alcanzar o recoñecemento pleno dos seus dereitos, negados até hoxe.

Desde os anos noventa do pasado século tentamos estar presentes en todo tipo de mobilizacións, denunciando a represión impulsada polos diferentes gobernos en contra do pobo kurdo. Participamos en diferentes delegacións internacionais coincidindo coa celebración do Newruz ou acompañando procesos electorais, que nos permitiron coñecer de primeira man a realidade existente no voso país.

Acompañamos desde lonxe loitas para que se respecten as decisións dos concellos gobernados por organizacións populares kurdas. Denunciamos as ilegalizacións continuadas de partidos políticos kurdos. Solidarizámonos cos presos políticos de Turquía e o Kurdistán. Exiximos a liberdade para Abdullah Öcalan, encarcerado desde 1999 en condicións que violan gravemente o respecto aos seus dereitos como persoa.

Entendemos a importancia de loitar polo pleno recoñecemento do dereito a recibir unha educación en lingua kurda, porque esas loitas tamén as sufrimos na nosa propia realidade social.

Seguimos con interese o desenvolvemento das experiencias políticas vinculadas ás propostas dun confederalismo democrático, porque creemos na necesidade dun modelo político participativo de carácter asembleario. Admiramos a loita das mulleres kurdas por impulsar o seu propio proceso de liberación, persoal, social e nacional. Esas experiencias son unha esperanza e un estímulo para as nosas propias loitas.

Queremos denunciar a hipocrisía do réxime de Erdogan, que, por unha banda, condena os bombardeos sionistas sobre Gaza pero, por outra, el fai o mesmo destruindo os avances sociais que se constrúen cada día en Rojava. Todo iso co silencio cómplice da comunidade internacional e os intereses estratéxicos da OTAN.

Compañeiras e compañeiros, tal como se berra nas nosas manifestacións:

*De norte a sur, de leste a oeste, a loita segue.... custe o que custe!!!  
Por unha solución democrática e xusta para o pobo kurdo!!!  
Liberdade para Öcalam!!!*

17 febreiro 2024

